

ACTA ASEMBLEA PROXECTO CÁRCERE OUTUBRO 2012

Asisten: Minerva (Master de rehabilitación - primeira vez que asiste); Javi (primeira vez que asiste); Alberto, Héctor, Pepe, Toño, Tomi, Laura, Lucía (primeira vez que asiste), Javi (xa veterano, non confundir co outro Javi).

Orde do día

Grupo de Investigación de proxectos similares.

Alberto informa de que se comezou a traballar en dous ou tres proxectos que están compartidos en Google Drive.

Pepe comenta que o Cárcere de Segovia foi cedido dende o SIEP e o Concello de Segovia e que foi rehabilitada como centro sociocultural.

Pepe falou coa Concellería de Cultura de Segovia que lle comentaron que o SIEP cedeu ao Concello parte de ese edificio do que falamos sempre tendo en conta que se leven a cabo actividades culturais.

Tono comenta que dentro da web do SIEP ten un apartado como de Obra Social. Se podería intentar reincidir por aí se nalgún momento entran en razón, pero por agora non parece sinxelo.

Grupo de contactos con institucións, persoas do concello...

Tono falou con Mihura, presidente COAG, para intentar conseguir quedar con Martín Fernández Prado. Agardamos que nos diga algo.

Tomi contactou coa Fundación Paideia e xa sabemos con quen podemos falar. Estamos a espera de ver se nos reciben.

Grupo de comunicación.

En caso de que alguen desexe enviar ideas que o faga a: proxectocarcere@gmail.com ; Se se desexa escribirlle a todo o mundo: coordinadorpc@googlegroups.com

Grupo de economía.

Lucía comenta que había unha idea de facer un mercadiño de produtos de reciclaxe. Se valorará cando o grupo propoña algo máis concreto.

Vendéronse 3 camisetas. Alberto ten 15 euros da venda na casa.

Grupo do programa de Radio en CUAC FM.

O programa comeza en novembro. Se emite cada 15 días os venres de 21 a 22 horas. Nome previsto, Ondas do Cárcere.

Aproveitando a ocasión: Tomi convoca a segunda charla sobre o Seminario de Berlín. Será o día 27 de novembro as 20:15 na Agrupación Cultural Alexandre Bóveda. Rúa dos Olmos 18-20 1º.

Rede Transibérica

Despois da reunión que tivera lugar en Burgos na que asistiran por parte de Proxecto Cárcere Lydía e Laura. A próxima xuntanza realizarase en novembro en Bilbao.

E en principio se propuxo que Coruña sexa a sede da seguinte xuntanza, entre maio e xuño; así que habería que comezar a poñerse como meta este obxectivo.

Varios

Trátase a posibilidade de que a traves de Minerva que está a facer o Máster de Rehabilitación na Escola de Arquitectura se poida facer presión para poder entrar no cárcere. E se poida facer un Plan Director ou un Informe previo para o Cárcere. Falarase con Jose Ramón Soraluze, que é o director do traballo do Máster.

Propón Tono de crear unha convocatoria mundial de mail art, na que se propoña como tema o "jail art", e facer a convocatoria ata Xuño. Para isto contaríamos coa axuda de Carlos Botana. Poderíamos logo expoñer todas as postais e ver toda a xente que apoia a Proxecto Cárcere.

Fálase de facer un acto conmemorativo do segundo aniversario de Proxecto Cárcere que será sobre o 20 de Novembro. Así que se propón facer un almuerzo no espazo de diante do cárcere, na que a xente leve madalenas e biscoitos e nos levar chocolate quente. Fai falta que un grupo se encargue de xestionar a actividade, así que todo o que esté disposto a participar que se apunte vía mail, para organizar unha quedada. Posibilidade que se retransmita en directo desde CUAC coa axuda de Tomi. Habería que facer un mínimo de carteis para dar visibilidade, ademais das redes sociais.

Se decide que Patxi vai intentar tramitar unha xuntanza co SIEP, xa que xa temos o Plan de Viabilidade; e para decirlles que seguimos aquí.

Saber se obtivemos algunha resposta despois dunha reunión coa xente do Concello en Catro Camiños; na que foran Patxi, Carmen e Pepe; na que quedaron en mirar algo e logo avisarnos.

FIN